



A ÁREA SANITARIA DE VIGO CELEBRA O DÍA INTERNACIONAL DA ENFERMARÍA

- *A Escola Universitaria de Enfermaría do Meixoeiro organizou un evento ao que asistiron 200 estudantes da Escola*
- *No marco do proxecto desenvolvido pola Xunta de Galicia e a Fundación Vicente Ferrer, tivo lugar unha conferencia sobre "Enfermaría e Cooperación"*
- *A Área Sanitaria conta con case 2.000 profesionais da enfermaría, o 47% do persoal sanitario da área viguesa*

Vigo, 13 de maio de 2022. Con motivo da celebración do Día Internacional da Enfermería, a Escola Universitaria de Enfermaría do Meixoeiro organizou un acto conmemorativo, que foi presidido polo xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente.

No transcurso do mesmo presentouse un Mural pintado por unha estudante da Escola, Carmen Lago, e que será instalado no centro.



2.000 profesionais da enfermaría

O xerente da Área, Javier Puente, felicitou a este persoal e quixo enviarlles unha mensaxe de agradecemento polo papel tan relevante desenvolvido durante a pandemia, manifestando gran capacidade de adaptación e protagonizando os cambios organizativos impostos na loita fronte ao Covid cun alto nivel de calidade, con gran profesionalidade e eficiencia. "Agora toca seguir avanzado, facer fronte a un novo reto para dar resposta a un modelo de cuidados que integre, ademais da atención á enfermidade, os aspectos sociais, psicolóxicos e culturais da saúde", dixo o xerente.



No momento actual, a Área Sanitaria de Vigo conta con 1.967 profesionais de enfermaría, o que supón o 47% do total de persoal sanitario da área viguesa.

Proxecto Xunta e Fundación

No marco desta conmemoración, ofreceuse unha conferencia sobre “Enfermaría e Cooperación”, a cargo do coordinador de voluntariado de Enfermaría da Fundación Vicente Ferrer, Darío Canal.

Este relatorio enmárcase no proxecto de colaboración entre a Fundación Vicente Ferrer e a Xunta de Galicia, que veñen desenvolvendo nos últimos 2 anos, para a protección do dereito das comunidades vulnerables de Anantapur (India) a unha mellora na atención sanitaria fronte á Covid-19 e outras emerxencias sanitarias.

Co obxectivo de mellorar a calidade de vida e os servizos sanitarios das persoas máis desfavorecidas das zonas rurais, o proxecto logrou fortalecer o hospital de Kaliandurg, un dos hospitais de referencia da Fundación Vicente Ferrer, tanto a nivel de materiais e equipamentos, como de recursos humanos e protocolos de actuación para asegurar unha atención de calidade.

Durante a súa presentación, Darío Canal salientou o labor da enfermería nos centros sanitarios da Fundación e puxo en valor a colaboración da Xunta de Galicia, xa que grazas á súa participación foi posible garantir a formación en excelencia do seu equipo de enfermaría, que mantivo a súa iniciativa e humanidade nos momentos máis críticos da pandemia en India.

En concreto, este proxecto cofinanciado polo Executivo galego beneficiou directamente a máis de 78.000 persoas de 354 comunidades rurais desfavorecidas da rexión de Kalyandurg (sureste da India).